

Heroes do mundano

A novela de Jaureguizar, *A Cova das Vacas Mortas*, é a obra gañadora do Premio Fundación Caixa Galicia 2006 de Literatura Xuvenil. Conta a historia de Xael, un adolescente que vive nunha comuna hippy en Negueira de Muñiz coa súa nai, que planta e consome marihuana, ata que chegan o seu avó, un vello alemán afectado de alzheimer con películas de súper 8 nunha maleta e unha historia que provoca o misterio ao longo do texto, e Iria, unha rapaza da cidade.

Xael, como ben sinala Alfredo Ferreiro (olevantedordeminas.blogaliza.org) é un “heroe do mundano”, un adolescente que afronta todas as dificultades que a vida lle vai presentando (desleixamento da nai, alzheimer do avó, relación cos nazis...) sabendo que está só, “resulta nisto exemplarizante para todo tipo de lectores, nesta época en que tanto vellos como nenos parecen tantas veces unha carga da que ningún quere responsabilizarse”.

Outro aspecto salientable e diferencial desta novela é a desmitificación do mundo rural que apreciamos a través do contra-

punto entre Iria, a adolescente chegada da cidade marabillada pola paisaxe, e Xael, para quen a vida entre aquelas montañas é un encerro.

Na temática, o texto vese enriquecido cun elemento filmico consistente na análise da obra da cineasta Leni Riefenstahl, que revolucionou o cine coas novas técnicas que inventou mentres traballaba para os nazis.

Algo que desmerece o relato, e que se podería mellorar en futuras edicións, é a falta de corrección lingüística en múltiples ocasións (erros de carácter morfosintáctico e léxico, especialmente

Nazis, cine, suspense e amor



PILAR PONTE

castelanismos evidentes) da que non fago responsable só ao autor, senón tamén aos editores que deben colaborar cos autores neste terreo.

O que non se pode negar é que o premio e o seu polémico autor conseguiron xa unha difusión mediática que xa queren moitos outros para os seus libros, e a isto tamén contribuíron a presenza activa na rede tanto de Jaureguizar como do seu editor, Manuel Bragado, quen xa anunciou no seu blog (bretemas.blogspot.com) unha presentación virtual da novela en Vigo, con presenza de blogueiros, ademais da apertura dun sitio web específico da obra, iniciativas que o público actual sempre agradece.



na en múltiples ocasións (erros de carácter morfosintáctico e léxico, especialmente

JAUREGUIZAR, *A cova das vacas mortas*. Ed. Xerais, Vigo, 2006, 129 páxinas